



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA
DEZAOITO DE FEBREIRO DE 2026 CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde -Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D^a. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
D^a. DIANA VARELA BARREIRO

Secretaria D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e cincuenta minutos do día dezaoto de febreiro de dous mil vinte e seis baixo a Presidencia do Sr. Alcalde -Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19/01/2026).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezanove de xaneiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Comunicación de obra de dona Marcela Liliana Santorun Ardone. (Expediente número 2026/U026/000004)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Marcela Liliana Santorun Ardone para rehabilitación de vivenda unifamiliar consistente en cambio de carpinterías exteriores (xanelas e portas).

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000101500NH43C, emprazada en Trobe, 4 - Trobe (San Andrés), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais. (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de trescentos vinte e cinco euros con vinte céntimos (#325,20#).

2.2.- Instancia núm. 202599900001135 de don Jaime Bosch Montsant. (Expediente núm. 2025/U022/000023)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, en relación coa licenza concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 18/12/2025, para construción de vivenda unifamiliar de PB



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



e 266,25 m² construídos en Neira de Arriba, 22 - Ribadulla (San Mamede) (expediente municipal número.: 2025/U022/000023), achega comunicación previa acompañada do proxecto de execución (2507009,2) e declaración do técnico redactor de concordancia entre proxecto básico e de execución.

Achégase tamén oficio de dirección de execución e nomeamento de coordinador de seguridade e saúde.

Dáse conta do informe de conformidade emitido polos Servizos Técnicos Municipais.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, toma coñecemento do proxecto de execución do expediente municipal número 2025/U022/000023).

2.3.- Instancia núm. 202490000001264 de Turismo de Galicia (Xunta de Galicia) (Expediente núm. 2024/U022/000037)

Dáse conta da citada instancia na que don Luís Gestal Ernau, en calidade de xefe de área de obras e mantemento de Turismo de Galicia, comunica obras de mellora da seguridade viaria e sinalización en cruces coas estradas autonómicas, municipais e deputacións co Camiño de Santiago - Vía da Prata- Separata Vedra, (expediente núm.: 2024/U022/000037), nos termos da documentación técnica achegada asinada por Pablo Blanco Ferreiro e Luís Gestal Ernau, enxeñeiros de camiños, canles e portos e Alberto J Fernández Conde, enxeñeiro agrónomo, con un orzamento provisional de 53.994,05 euros.

Dáse conta das seguintes autorizacións sectoriais:

- Da Consellería do Medio Rural, Ref. : 2025/ 346063, en sentido favorable.

- Da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, Servizo de Protección e Fomento, EXPEDIENTE: SPR-2024-1933.AUI, cos seguintes condicionantes no que respecta a este concello:

211. Cruce ID-1216 (Vedra): - Enténdese que non é autorizable a colocación do sinal marcado coa cruz amarela. O sinal de información do sentido da senda (sinal marcado co polígono verde) deberá de ser máis pequeno. Empregarase o sinal horizontal de 40x20 cm, aproximadamente, na que só figuran cuncha e frecha. 212. Cruce ID-1220 (Vedra): - Enténdese que non é autorizable a colocación do sinal no Camiño. 214. Cruce ID-1221 (Vedra): Esta actuación enténdese que non é autorizable. 215. Cruce ID-1222 (Vedra): - Enténdese que non é autorizable a colocación do sinal no Camiño.

-Augas de Galicia, expediente clave DH.W15.105491, que cumpre.

-Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, REGAGE24e00089063212 – L-LC-2986, favorable con condicións.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada, así como ao contido das autorizacións sectoriais, nomeadamente a de Patrimonio Cultural.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo. Ademais e de acordo co art. 3 do mesmo R.D. 1627/1997, se na obra interveñen máis dunha empresa ou traballadores autónomos, o promotor deberá nomear un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, informando ao concello e á autoridade laboral competente.



Os residuos derivados da obra deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito en vertedoiros apropiados, segundo proceda. Cumprirase o RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no que lle sexa de aplicación.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección necesarias para evitar que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de que sexa necesario a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións adecuadas de seguridade e se é necesario desviar o tráfico peonil. Antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos do concello, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de mil setenta e nove euros con oitenta e oito céntimos (#1.079,88#)

3º.- Dar conta de informe sobre bonificacións no padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública

A Ordenanza fiscal núm.12 , reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública, establece no seu artigo 8.1 que “ Ao abeiro do establecido no art. 24.4 da Lei 39/1988, as cotas derivadas da aplicación da tarifa nº 1, correspondentes á prestación do servizo de xestión de lixo domiciliario, reduciranse a metade da cota de vivendas para aqueles suxeitos pasivos nos que concorra a condición de xubilados, pensionistas, perceptores da axuda familiar, familias numerosas e familias monoparentais, sempre que os seus ingresos anuais totais, da unidade familiar, non superen o IPREM vixente no período para o que se solicite a redución. Excepcionalmente poderase contemplar a bonificación do 100% da taxa para casos debidamente xustificadas de circunstancias especiais ou de exclusión social, previa achega dos informes correspondente elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios deste concello. Será o órgano competente o que aprrobe a súa aplicación.”

Á vista do informe da traballadora social do concello ningunha das persoas que viñan sendo beneficiarios da bonificación reúne os requisitos esixidos no citado artigo 8.1. Así mesmo non constan novas solicitudes para avaliar o cumprimento dos requisitos para beneficiarse da bonificación.

A Xunta de Goberno Local dáse por informada.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



4º.- Dar conta de Resolúcións da Presidencia.

Dáse conta das Resolúcións da Alcaldía do mes de xaneiro:

DECRETO	DATA	ASUNTO
1	02/01/2026	Delegación funcións Alcaldía no 2º Tenente de Alcalde, Enrique Vázquez, os días 7, 8 e 9 de xaneiro
2	02/01/2026	Adxudicación contrato da obra de Reforma de camiños en Sales, Sarandón, Vilanova e aparcadoiro en Ponte Ulla (POS +2025) a Canarga S.L (Expediente 2025/C003/000006)
3	02/01/2026	Aprobación contratación de 1 operador de maquinaria e vehículos municipais e servizos varios do Grupo V a xornada completa con contrato por circunstancias da produción, para os servizos de obras públicas, conservación de espazos públicos e brigada verde para o ano 2026
4	02/01/2026	Concesión a Atendo Calidade S.L de fraccionamento de pago de débeda co Concello por imposición de sanción por incumprimento de contrato de prestación do servizo de axuda no fogar (Expediente: 2025/T006/000001)
5	05/01/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
6	05/01/2026	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
7	07/01/2026	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
8	09/01/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
9	09/01/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de axuda no fogar (SAF), modalidade de libre concorrència , correspondente ao mes de decembro
10	09/01/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de axuda no fogar (SAF), modalidade dependencia, correspondente ao mes de decembro
11	09/01/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM, concepto de comedor, correspondente ao mes de decembro
12	09/01/2026	Aprobación liquidación taxas expediente de comunicación de obra de construción de peche en Agrelo –Santa Cruz de Ribadulla
13	09/01/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
14	09/01/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, servizo de madrugadores e ludoteca, por asistencia días soltos no mes de decembro.
15	09/01/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, servizo de madrugadores , correspondente ao mes de xaneiro
16	09/01/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, servizo de ludoteca, correspondente ao mes de xaneiro
17	12/01/2026	Aprobación e orde de pagamento da taxa complementaria para a publicación no DOG do anuncio da convocatoria e bases reguladoras do proceso de funcionarización de tres prazas do Concello de Vedra, incluídas na oferta de emprego público do exercicio 2025.
18	12/01/2026	Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade e dificultades de mobilidade (nº 173)
19	12/01/2026	Aprobación liquidación taxas licenza de obra de reforma de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		edificación para vivenda en Outeiro, 10 – Santa Cruz de Ribadulla
20	12/01/2026	Aprobación padrón fiscal da taxa por abastecemento de auga do 4º trimestre de 2025
21	12/01/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
22	13/01/2026	Aprobación modificación do suxeito pasivo da taxa de xestión do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos asimilables na vivenda núm. 3 de Pazo – Merín
23	13/01/2026	Delegación da Alcaldía na Tenente de Alcalde, Diana Varela Barreiro, para celebrar matrimonio civil o día 24.01.2026.
24	13/01/2026	Aprobación modificación do suxeito pasivo da taxa de xestión do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos asimilables na vivenda núm. 43 de Pousada de Abaixo -Vedra
25	13/01/2026	Aprobación liquidación taxas expediente de licenza de parcelamento en Tomonde –Santa Cruz de Ribadulla
26	13/01/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria dos servizos incluídos no programa de actividades culturais municipais 2025/2026, correspondente ao mes de xaneiro
27	14/01/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
28	14/01/2026	Adxudicación do contrato de Ampliación da rede de saneamento en Paradela (San Xián de Sales) (POS + Adicional 2/2025) a Alcomte Galicia S.L (Expediente 2025/C003/000005)
29	14/01/2026	Aprobación modificación do suxeito pasivo da taxa de xestión do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos asimilables na vivenda núm. 1 de Piñeiro – San Andrés de Illobre
30	14/01/2026	Designando coordinador de seguridade e saúde da obra de Ampliación da rede de saneamento en Paradela (POS + Adicional 2/2025) (Expediente núm. 2025/C003/000005)
31	15/01/2026	Aprobación modificación do suxeito pasivo da taxa de xestión do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos asimilables na vivenda núm. 14 de Neira de Arriba – San Mamede de Ribadulla
32	15/01/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
33	16/01/2026	Aprobación liquidación taxa a Canarga, S.L pola formalización do contrato de Reforma de camiños en Sales, Sarandón, Vilanova e aparcadoiro en Ponte Ulla (Ordenanza fiscal núm. 6. BOP núm. 21/24, do 29.01)
34	16/01/2026	Aprobación liquidación taxa a Canarga, S.L pola prestación dos servizos de dirección de obra, control de calidade e coordinación en materia de seguridade e saúde da obra de Reforma de camiños en Sales, Sarandón, Vilanova e aparcadoiro en Ponte Ulla (Ordenanza fiscal núm. 26. BOP núm. 21/24, do 29.01)
35	16/01/2026	Aprobación liquidación taxa a Alcomte Galicia, S.L pola prestación dos servizos de dirección de obra, control de calidade e coordinación en materia de seguridade e saúde da obra de Ampliación da rede de saneamento en Paradela (San Xián de Sales) (Ordenanza fiscal núm. 26. BOP núm. 21/24, do 29.01)
36	16/01/2026	Aprobación liquidación taxa a Alcomte Galicia, S.L pola formalización do contrato de Ampliación da rede de saneamento en Paradela (San Xián de Sales) (Ordenanza fiscal núm. 6. BOP núm. 21/24, do 29.01)
37	16/01/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación - Espazo Coworking do Concello de Vedra, correspondente ao mes de decembro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



38	16/01/2026	Aprobación da autoliquidación do 3º cuadrimestre do 2025 do canon da auga e tramitación ante Augas de Galicia
39	16/01/2026	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
40	16/01/2026	Aceptando renuncia voluntaria de dona Cecilia Martínez Saavedra á condición de funcionaria interina deste concello.
41	19/01/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
42	19/01/2026	Devolución a Oviga S.L do aval constituído para responder da execución da obra de Saneamento en Romarís (POS + 2019)
43	19/01/2026	Incoando expediente para a imposición de multas coercitivas por incumprimento de orde de execución para limpeza e acondicionamento de finca en Viño grande –Illobre.
44	19/01/2026	Aprobación proxecto básico e solicitude de subvención dentro do programa de subvencións a concellos para realizar actuacións de protección especial sobre o patrimonio cultural público ou de xestión municipal no ano 2026 (DP0045/2026), publicada no BOP núm. 197 do 15 de outubro de 2026, para a rehabilitación do palco de mozos de Vedra.
45	20/01/2026	Delegación funcións Alcaldía no concelleiro do Grupo municipal do BNG, José Antonio “Fou”, para celebrar matrimonio civil o 14.02.2026.
46	20/01/2026	Aprobación do Plan de seguridade e saúde da obra de Ampliación da rede de saneamento en Paradela (San Xián de Sales), adxudicada a Alcomte Galicia, S.L
47	21/01/2026	Adhesión ao convenio asinado entre a Xunta de Galicia e Seaga en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais 2026, cuxo texto íntegro aparece publicado no Diario Oficial de Galicia nº 250, do 29 de decembro de 2025.
48	21/01/2026	Adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a implantación do sistema de xestión documental ARQA
49	21/01/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
50	22/01/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
51	22/01/2026	Poñendo de manifesto aos interesados contido de expediente de comprobación de peche de parcela con bloques de pedra en Paradela, 18 – San Xián de Sales, para que poidan presentar alegacións antes da formulación da resolución do expediente.
52	22/01/2026	Aprobación liquidación taxas licenza de obra de rehabilitación de vivenda en Sarandón, 15 – San Miguel de Sarandón
53	22/01/2026	Aprobación liquidación taxas licenza de obra de rehabilitación de vivenda en Trobe, 4 – San Andrés de Trobe
54	22/01/2026	Incoación expediente de orde de execución para a retirada de árbores e pólas que invaden a vía pública en Cumbras –San Pedro de Vilanova
55	23/01/2026	Aprobación e orde de pagamento de cantidade por cesión de terreo para ocupación por obras de Ampliación da estrada provincial CP-9801 (Ref. Catastral 15090A506006390000AH).
56	23/01/2026	Aprobación prórroga de contrato de xestión do Pavillón Municipal de Vedra por dous anos (Expediente2023/C004/000003)
57	23/01/2026	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
58	23/01/2026	Baixa no padrón fiscal da taxa de xestión do lixo, con efectos do exercicio 2026, ao obxecto tributario con nº fixo 253000798929 (Silvaescura, 2 – San Fins de Sales).
59	23/01/2026	Contratación de José Carlos Zas como axudante de recollida de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		lixo, con contrato temporal por circunstancias de produción á xornada completa.
60	26/01/2026	Aprobación quilometraxe do persoal do Centro de Información á Muller (CIM) correspondente ao 4º trimestre de 2025.
61	26/01/2026	Aprobación dotacións económicas aos grupos políticos municipais do 4º trimestre de 2025
62	26/01/2026	Aprobación indemnizacións aos membros da corporación do 4º trimestre de 2025
63	26/01/2026	Alta no servizo de comedor do EIM, curso 2025/2026, de XRG
64	26/01/2026	Cumprimento trienios persoal municipal
65	26/01/2026	Aprobación e orde de pagamento da taxa de solicitude de autorización para a obra de Reforma de camiños en Vilapedre, Picón, A Torre e San Pedro de Sarandón (POS + 2026. Complementario)
66	26/01/2026	Aprobación e orde de pagamento das nóminas do mes de xaneiro
67	26/01/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
68	26/01/2026	Alta no padrón fiscal da taxa de xestión do lixo con efectos do exercicio 2026 do obxecto tributario sito no lugar de galegos, 28B –Santa Cruz de Ribadulla, e aprobación das liquidacións das anualidades 2022 -2025.
69	27/01/2026	Cambio de frecuencia de asistencia no Programa Conxuga, modalidade madrugadores, de ADP
70	27/01/2026	Aprobación liquidación taxas licenza de obra de construción de vivenda unifamiliar en Piñeiro – San Andrés de Illobre
71	27/01/2026	Aprobación liquidación taxas licenza de parcelamento de finca en Galegos – San Pedro de Vilanova.
72	28/01/2026	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
73	29/01/2026	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a primas de seguros incluídos na relación de facturas F.2026.1 por importe de 13.370,24 euros
74	29/01/2026	Acordando a non división en lotes da obra de Reforma de camiños en O Francés, Agrelo e Canicoba (POS + 2026. Complementario), de acordo coas bases reguladoras do POS +2026.
75	29/01/2026	Acordando a non división en lotes da obra de Reforma de camiños en Vilapedre, Picón, A Torre e San Pedro de Sarandón (POS + 2026. Complementario), de acordo coas bases reguladoras do POS +2026.
76	29/01/2026	Solicitude de subvención para o proxecto Xuventude FEMP 2026
77	29/01/2026	Aprobación e orde de pagamento da taxa de solicitude de autorización para a obra de Reforma de camiños en O Francés, Agrelo e Canicoba (POS + 2026. Complementario)
78	29/01/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
79	30/01/2026	Aprobación liquidación taxas licenza de obra de rehabilitación de vivenda en Cimadevila – San Miguel de Sarandón
80	30/01/2026	Autorización para acometida e conexión á rede de saneamento da vivenda núm. 21 de Bazar – San Andrés de Trobe.
81	30/01/2026	Adxudicación como contrato menor o servizo de facturación dos recibos do servizo de abastecemento de auga do 4º trimestre de 2025-3º trimestre de 2026, a Viaqua Gestión Integral de Augas de Galicia S.AU (Expediente núm. 2026/C002/000001)
82	30/01/2026	Aprobación modificación de créditos 1/26 na modalidade de xeración de créditos vinculada á subvención da Deputación dentro do Programa PEL –Rede Coworking 2026



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



83	30/01/2026	Aceptando renuncia voluntaria de dona Eva Andrade Castro, como monitora de tempo libre para o servizo de madrugadores e ludoteca, con efectos o 01.02.2026.
84	30/01/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
85	30/01/2026	Ordenando a contratación de Iago Chas Brocos, como monitor de tempo libre para o servizo de madrugadores e ludoteca (1º da lista de reserva do proceso de selección realizado con data 06.06.2025).
86	30/01/2026	Incoación de expediente para a imposición de multas coercitivas de orde de demolición en Quintáns, 19 –San Xíán de Sales.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.- Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fin das vinte e unha horas e quince minutos.